

## CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE PROMOCIÓN AO CORPO DE CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDADE

### ANTECEDENTES

O artigo 88.4 dos Estatutos establece que o regulamento de profesorado deberá estipular as condicións para posibilitar a promoción dentro dos corpos de profesorado universitario e fixar as condicións para facilitarlle a carreira académica ao profesorado a tempo completo.

O artigo 17 do Regulamento de profesorado establece que por necesidades docentes, a Universidade de Vigo convocará anualmente oferta de novas prazas de profesorado, utilizando as figuras establecidas na lexislación vixente. Se as áreas dispoñen dun déficit entre a capacidade docente básica e a carga docente básica igual ou superior á dedicación dun profesor(a) a tempo completo, os departamentos correspondentes poderán solicitar a convocatoria de prazas de profesorado axudante doutor, profesorado contratado doutor ou de persoal funcionario dos corpos docentes universitarios.

Na sección sexta do Regulamento de profesorado establécense os obxectivos e as características xerais dos programas de promoción do persoal docente e investigador. O artigo 18 contempla a posibilidade de que, para facilitar a carreira académica do persoal docente e investigador, a universidade realice unha oferta anual de prazas de promoción dentro dos corpos de profesorado universitario. Indícase tamén que o Consello de Goberno, en función das disponibilidades orzamentarias e da existencia de programas e incentivos a nivel estatal e autonómico, fixará as condicións para a creación das prazas.

No Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2009 foron aprobados os criterios de promoción ao corpo de Catedráticos de universidade. No acordo establécese a posibilidade de promoción por plantilla (vía A) ou de promoción por méritos (vía B). A vía A aplícase á promoción de profesorado acreditado a CU tomando como referencia que o 25% das prazas con vinculación permanente dunha área poidan ser de catedrático(a) de universidade. A vía B utilízase para a promoción do profesorado acreditado a CU con 3 sexenios de investigación. No mesmo acordo contemplábase a posibilidade de por en marcha unha terceira vía (que non chegou a implantarse) cunha convocatoria anual condicionada ás disponibilidades orzamentarias e dirixida a profesorado acreditado que, tendo méritos suficientes, non poidera acollerse a ningunha das posibilidades anteriores.

Contrariamente ás anteriores probas de habilitación, no actual sistema de acreditación (establecido no Real Decreto 1312/2007-BOE de 6 de outubro de 2007), o número de persoas que acadan a acreditación para Catedrático de universidade (CU) depende exclusivamente dos méritos das persoas que o soliciten, e non dunha estrutura das plantillas das universidades. A universidade debe facilitar a promoción do seu PDI acreditado pero necesita, por razóns orzamentarias e académicas, controlar o alcance dos programas de promoción, tendo en conta tanto criterios de porcentaxe de catedráticos(as) en plantilla como de méritos do persoal acreditado.

Transcorridos case tres anos desde a aprobación en Consello de Goberno dos criterios de promoción ao corpo de Catedráticos de universidade, é o momento de facer unha análise

das prazas convocadas, das plantillas das áreas e departamentos implicados e de tomar as medidas oportunas para controlar o alcance global e as repercusións deste proceso no conxunto de áreas e ámbitos de coñecemento.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno de 14 de novembro de 2011 acorda aprobar a seguinte normativa:

## CONVOCATORIA ANUAL DE CÁTEDRAS

1) Realizarase unha **convocatoria anual** de promoción ao corpo de Catedráticos de universidade. En función das dispoñibilidades orzamentarias, o Consello de Goberno aprobará cada ano o número de novas prazas do corpo de Catedráticos de Universidade da correspondente convocatoria.

2) **Requisitos** das persoas solicitantes:

- a) Profesores/as Titulares de Universidade, Catedráticos/as de Escola Universitaria ou Profesor/a Contratado/a Doutor/a da Universidade de Vigo.
- b) ter adicación a tempo completo.
- c) estar acreditados/as para CU.

3) **Criterios de priorización de áreas e solicitantes.** Establécese un dobre criterio: pola composición da plantilla da área do solicitante e por méritos. De cada tres prazas convocadas asignaranse inicialmente polo menos dúas prazas para promoción por criterios de plantilla. Se hai mais solicitudes que prazas ofertadas na convocatoria, a priorización se fará segundo o seguinte procedemento:

a) **plantilla:** priorizaranse as áreas de menor porcentaxe (P) de CU do con respecto ao número de PDI con vinculación permanente (CU, TU, CEU, TEU, PCD) da área, ata completar o número de prazas por este criterio e, en todo caso, ata un valor máximo  $P=25\%$ . A efectos do cómputo de P non se contabilizarán os catedráticos/as de universidade nin os profesores/as con vinculación permanente que cumpran a idade de xubilación obrigatoria no ano da convocatoria.

Unha vez ordenadas as áreas por este criterio, asignarase unha praza por área ata completar o número de prazas por plantilla. Se, realizada a asignación, non se cubren todas as prazas por plantilla, iniciarase unha segunda rolda na que se recalcularía o valor de P, derivado da primeira asignación.

Os posibles casos de empate entre as persoas candidatas da mesma área de coñecemento ou entre áreas cun mesmo valor de P desfaranse considerando o criterio b).

b) **méritos:** Terase en conta o número de sexenios da persoa solicitante, mediante a asignación a cada candidato ou candidata da seguinte puntuación:

$$25(N-N_{\text{CNEAI}})+3K$$

O valor de  $N_{\text{CNEAI}}$  corresponde á media de sexenios no campo CNEAI da persoa solicitante, tendo en conta na devandita media unicamente as áreas presentes na Universidade de Vigo. O valor de N corresponde ao número de sexenios de quen sexa solicitante. O valor de K corresponde ao número de anos completos transcorridos dende a concesión do último sexenio, sempre que non transcorresen máis de seis anos completos dende esa data.

Se o número de anos completos transcorridos dende a concesión do último sexenio é 7, o sumando 3k será 0.

Se o número de anos completos transcorridos dende o remate da concesión do último sexenio é superior a 7, restarase un punto por cada ano completo transcorrido a partir do 8º.

En caso de empate, desempatarase sucesivamente polos criterios de antigüidade na acreditación, antigüidade como TU ou CEU, xénero e campus.

4) Se non se cubren as prazas asignadas para promoción por plantilla, incorporaranse á cota de promoción por méritos

5) Para a aplicación do criterio a), con anterioridade á convocatoria anual, actualizarase o número de CU e de profesorado con vinculación permanente en cada área de coñecemento. O número de prazas de CU en plantilla será o total existente con independencia da vía de acceso: vías A e B contemplada nos criterios de promoción aprobados en Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2009 ou programas de promoción anteriores.

6) Unha vez resolta a convocatoria, a creación das prazas resultantes será aprobada en Consello de Goberno, previo informe da COAP.

7) Comunicado o acordo aos departamentos implicados, a COAP aprobará a convocatoria da praza na área de coñecemento da persoa que promocionou así como o perfil da mesma e a composición das comisións de acordo coa proposta aprobada en Consello de Departamento, tendo en conta a normativa correspondente.

8) A primeira convocatoria anual de promoción ao corpo de Catedráticos de universidade, realizarase no mes de maio de 2012. Realizarase outra convocatoria no mes de maio de 2013. Realizadas esas dúas convocatorias, analizarase esta normativa e procederase a súa revisión.

**Disposición transitoria:** As solicitudes de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade que sexan presentadas antes do Consello de Goberno do mes de decembro de 2011, serán aprobadas nesa sesión Consello de Goberno, de acordo cos criterios de promoción establecidos no Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2009, sempre que se presente a documentación correspondente.

**Disposición derogatoria:** Queda derogado o acordo de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2009 polo que se aproban os criterios de promoción ao Corpo de catedráticos de universidade.

**Disposición final:** A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación en Consello de Goberno, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria.